



Boletín Informativo do Concello



Nº: 57 ABRIL 2012

Cultura.

*Exposición de maquetas de avións

O 5 de maio, coincidindo coa feira de mes, a partir das 11h contaremos en Boimorto cunha gran exposición de maquetas de avións de gran tamaño (1'80m aproximadamente). Estarán profesionais explicando o seu funcionamento e poñerán en marcha algún motor. Ademais para todos, e en particular para os/as cativos/as, contaremos cun simulador de voo onde se poderá voar de forma virtual.

*Galego de cine

Este mesmo día, 5 de maio, a partir das 16:30h ata as 19:30h, para os máis novos da casa, de entre 6 e 12 anos, haberá **Galego de cine**, un proxecto para ver contidos audiovisuais producidos en Galicia e en galego. Esta actividade realizarase nunha caravana ó lado da biblioteca municipal onde se verán *unhas películiñas*, isto compaxinarase con actividades de *comprensión dos filmes*, a *creación dun conto* de principio a fin polos pequenos e cun *video-matón* onde se gravará o conto inventado.

Deberá haber como mínimo un grupo de 20 nenas e nenos que terán que inscribirse previamente. No seu

momento xa se lles informará no colexio.

Mentres o grupo de 20 nenos/as realizan as actividades todo aquel que o desexe, grandes e pequenos, e sen previa inscrición poderá ver filmes e subirse á caravana durante as 3h.

Deportes.

***FÚTBOL SALA:** O equipo Benxamín formado por: Brian, Iago, Andrés, Alberto, Nico, Lois, Rubén, Alan e Ismael, representarán a Boimorto na fase zonal previa ó campionato provincial a celebrarse en Santiago contra o Milladoiro A. A cita será o venres 20 de abril ás 17:00 horas no polideportivo Monte dos Postes.

Neste mes de abril Boimorto terá os seguintes enfrontamentos: o sábado 14 contra Toques fora (equipo infantil), o sábado 21 tamén fora contra Ordes (benxamín, infantil e feminino) e o venres 27 contra Vilasantar en Boimorto ás 18:00 horas (equipo benxamín).

***TIRO CON ARCO:** sábado 14 de abril Campionato individual en Teo, no pavillón "Ezequiel Mosquera". A competición dará comezo ás 17:30. Sábado 21 de abril Campionato por equipos en Toques. Boimorto estará representado por 3 equipos. A competición dará comezo ás 17:30.

***BÁDMINTON:** o sábado 28 de abril terá lugar no pavillón de Boimorto a fase zonal da cal saíran os representantes provinciais da área comprendida entre os concellos de Oroso, Trazo, Ordes, Arzúa, Touro, Toques, Melide, O Pino, Frades, Mesía, Vilasantar, Sobrado, Santiso e Boimorto. O comezo da competición está prevista para ás 10:00 da mañá, rematando coa entrega de trofeos sobre as 14:00 horas.

***BALNEARIO GUITIRIZ:** neste mes os días nos que se viaxará ó balneario son os mércores 11, 18 e 25. A saída do autobús é ás 14:30 dende o Centro de maiores e a hora de regreso ó redor das 19:00. O uso do balneario é de 15:30 a 18:00. Os interesados poderán inscribirse no concello a partir do luns día 2. O prezo é de 7 euros cada día.

***XIMNASIO EN BOIMORTO:** neste mes procederase á apertura do ximnasio de máquinas de musculación, ubicado no baixo da cámara agraria. Os interesados en usar este servizo deberán entrevistarse previamente con técnico deportivo.

Servizos Sociais.

*Informase aos veciños que calquera información referente á Miniresidencia e Centro de Día seralles proporcionada no propio centro solicitando previamente un reunión coa persoa responsable.

O telefono do centro é o 981 51 62 10 e o horario de atención telefónica será: de Luns a Venres dende as 9 da mañá ata as 7 da tarde, nas fins de semana o horario acurtarase para

pasar a ser das 11 da mañá ata as 7 da tarde.

Recórdaselles tamén que deben solicitar cita previa para que os atenda a Asistente Social do Concello.

Os teléfonos para solicitar cita son o 981 51 60 75 e o 981 51 65 20.